

Bases 46ª Semana de Cinema de Lugo (España). Celebración do 23 ao 29 de setembro de 2024 (SECILUGO 46).

CONVOCATORIA

OBJECTO

Esta convocatoria ten como principal obxectivo detectar e difundir o talento dos cineastas emerxentes, poñendo especial énfase no cinema de carácter autoral e a regulación dos Premios a películas: Longametraxes (Sección Oficial Semana de Cine). Cinema Galego (Longametraxes, curtametraxes, documentais). Cinema Documental (Longametraxes, curtametraxes). Curtametraxes (Premio “As curtas tamén son cine”), da 46ª Semana de Cine de Lugo (España), organizada polo Grupo Fotocinematográfico Fonmiñá e baixo os auspicios da Xunta de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Concello de Lugo , que terá lugar en Lugo (España) do 23 ao 29 de setembro de 2024.

PARTICIPANTES

Poderán concursar as persoas físicas ou xurídicas con capacidade de obrar (produtores, directores, distribuidores) que posúan o debido control legal sobre as obras que presenten a concurso.

A persoa ou entidade (ou o seu representante) que asine o formulario autorizando a inscrición será considerado polo Festival como único interlocutor válido para tratar aspectos relacionados coa participación da película no evento e como único responsable fronte a outras persoas ou empresas que participasen na produción da película.

REQUISITOS DAS PELÍCULAS

Deberán ser producidas nos anos 2022, 2023 e 2024. Non poderán exhibirse nin editado comercialmente en España en salas públicas (excepto en Festivais), televisión, VoD ou Webs antes do 23 de setembro de 2024 (O Xurado Seleccionador sera estrito neste sentido).

As obras terán que ser de ficción (imaxe real ou animación) con máis de 60 minutos de duración en longametraxes. As curtametraxes non poderán exceder de 30 minutos. Será imprescindible o subtítulo en castelán naquelas copias cuxo idioma orixinal sexa galego, inglés ou outro calquera. As películas que non cumpran este requisito quedarán fóra desta convocatoria.

PREFERENCIAS

Terán unha ESPECIAL PREFERENCIA aquelas películas que traten os xéneros e temas seguintes e teñan como principal obxectivo detectar e difundir o talento cinematográfico dos cineastas emerxentes, poñendo especial énfase no cinema de carácter autoral:

Cinema internacional.

Cinema español.

Camiños de Santiago.

O cinema dentro do cinema.

Cinema Galego.

Cinema de animación (longametraxes e curtametraxes).

Cuba (cinema cubano).

INSCRICIÓN NO CONCURSO

INSCRICIÓN ON-LINE:

Para inscribir a película haberá de facerse a través do formulario de inscrición da plataforma dixital correspondente de Festhome e de Click For Festivals.

O prazo de inscrición en ON-LINE pecharase o 10 de maio de 2024 ás 14:00 horas (hora local de Lugo).

INSCRICIÓN TRADICIONAL:

Poderase inscribir a película solicitándoo sempre a: secilug@gmail.com

O Xurado Seleccionador aceptará ou rexeitase a selección unha vez visionado o traballo presentado.

O prazo de inscrición neste caso pecharase o 10 de maio de 2024 ás 14:00 horas (hora local de Lugo).

DOCUMENTACIÓN PRECEPTIVA:

Para completar a inscrición, deberán incluírse os seguintes datos e materiais:

- Datos de contacto do propietario dos dereitos e a cesión deles para a súa exhibición na Semana de Cine de Lugo.

- Ficha filmográfica da película (Cártel, ficha técnica, artística, sinopse, duración, etc) e cesión de dereitos para uso publicitario en redes sociais.

- Unha copia da película con subtítulos en castelán (imprescindible, se o idioma orixinal é galego, inglés ou outro calquera).

- Tráiler. En caso de non ter tráiler, pode enviarse unha selección de imaxes extraídas da película (mínimo: 30 segundos).

- Fotogramas de alta resolución da película, en formato dixital (300 dpi ou máis).
- Fotografía de alta resolución do director (ou directores), en formato dixital (300 dpi ou máis).
- A organización da 46ª SECILUGO non manterá correspondencia (nin oral, nin escrita) acerca dos orixinais enviados. Unicamente farao a través da correspondente distribuidora (dixital ou tradicional).

OBRIGACIÓNS DOS REXISTRADOS

A inscrición na 46ª Semana de Cinema de Lugo implicará:

- A total aceptación das presentes bases por parte de todos os participantes, os seus axentes e representantes.
- A autorización para que, en caso de non ser seleccionado para a competición, a organización do festival poida proxectar a súa película nunha das seccións paralelas non competitivas, beneficiándose da publicidade e promoción do festival.
- A autorización para divulgar materiais das películas rexistradas (fotogramas, carteis, fichas, fragmentos de guion, textos de prensa etc.).
- A aceptación de que, en caso de obter algún dos premios outorgados no concurso, incluírase unha referencia escrita á concesión do devandito premio ao comezo de todas e cada unha das copias da película que se distribúan para a súa exhibición en salas comerciais e/ou en certames audiovisuais, así como en todo o material informativo e promocional impreso (press-books, carteis etc.). Dita referencia consistirá nun texto co tipo de premio outorgado, acompañado invariablemente da imaxe corporativa (logotipo e nome) do Festival.

SELECCIÓN

Unha comisión de selección designada polo Comité Organizador da Semana de Cine de Lugo terá como cometido asesorar en relación coas películas que competirán nas distintas seccións. Así mesmo, poderá propoñer aquelas películas non seleccionadas para a competición pero que considerase de especial relevancia para a súa exhibición en ciclos paralelos.

A selección realizarase tendo en conta que o concurso é unha mostra das producións máis destacadas do cinema independente de todo o mundo, apostando polas películas máis tematicamente comprometidas e formalmente innovadoras.

En calquera caso, a decisión final das seccións competitivas corresponderalle ao Comité de Dirección.

OBRIGACIÓNS DOS SELECCIONADOS

Os participantes cuxas películas sexan seleccionadas para as seccións competitivas estarán obrigados a cumprir as seguintes disposicións e comportamentos:

- As produtoras e distribuidoras das películas seleccionadas facilitarán todo o material necesario para a elaboración do catálogo oficial da Semana de Cine de Lugo que lles sexa solicitado pola organización do mesmo.
- As produtoras e distribuidoras cederán os dereitos para a exhibición pública das súas películas sen custo algún para a organización.

-Facilitarán gratuitamente á organización a copia de proxección. Todas as películas rexistradas e non seleccionadas para as Competicións Oficiais (Longametraxes, Documentais e Curtametraxes), serán consideradas para incluírse noutras seccións da programación do Festival.

-Permitirán a incorporación das películas seleccionadas ao fondo videográfico da Semana de Cine, destinado á difusión audiovisual sen ánimo de lucro, sempre de carácter cultural. En calquera caso, Fonmiñá (entidade organizadora) comunicará aos participantes o uso que se faga destas películas.

-Non retirarán a película da programación nin a presentarán comercialmente en España antes da súa proxección en Lugo.

EXHIBICIÓN

As proxeccións da 46ª Semana de Cinema de Lugo realizaranse nos formatos ou o sistema que considere o Festival. Durante a celebración do certame, do 23 ao 29 de setembro de 2024, a organización resérvase o dereito de exhibir as películas seleccionadas nas salas cinematográficas e espazos vinculados a este evento en cantas sesións públicas estime conveniente. A organización establecerá a orde, data e horario de exhibición.

XURADO

Un Xurado elixido entre profesionais do mundo cinematográfico, audiovisual, prensa e cultura, será o encargado da selección das distintas películas para as seccións competitivas.

A Mellor Película da Sección Oficial, será elixida polo propio público asistente ás proxeccións, que votará cada unha das películas que se exhiban.

PREMIOS OFICIAIS

Mellor Película da Sección Oficial (Premio do Público). Trofeo Semana de Cine de Lugo.

Premio do Xurado á Mellor Película Documental. Trofeo Semana de Cine de Lugo.

Premio do Público á Mellor Película Galega (longametraxe). Trofeo Semana de Cine de Lugo.

Premio do Público á Mellor Película Galega (curtametraxe). Trofeo Semana de Cine de Lugo.

Premio do Público á Mellor Curtametraxe. Trofeo Semana de Cine de Lugo.

RESOLUCIÓN FINAL

As dúbidas que poidan xurdir sobre a interpretación destas bases, así como os conflitos que puidesen producirse derivados da súa aplicación, en canto á organización ou funcionamento, serán resoltas polo Comité Organizador da 46ª Semana de Cinema de Lugo.

A decisión dos xurados será inapelable.

O Festival (Semana de Cinema de Lugo), correrá única e excepcionalmente cos gastos ou determinadas axudas a aqueles invitados ao Festival concernentes a viaxes, estancias e manutención dos días que se acorden. Non haberá ningún outro tipo de abono por gastos ou axudas de viaxe, calquera que fose a procedencia, se non é a través da oportuna invitación.

Se a futura situación o esixise, o comité organizador do Festival cumprimentará todas aquelas accións que garantan as medidas promovidas polas autoridades sanitarias e as diferentes administracións; aínda que iso supuxese alterar o deseño e desenvolvemento do Festival.